



Casa do Concello
Avda. Algeciras, 34
15510 Neda
(A Coruña)
Tfno.: 981 380 039 Fax.: 981 385 600
<https://sede.neda.gal>

ENTROIDO 2026 – CONCELLO DE NEDA FESTIVAL DE COMPARSAS 2026 BASES

Co fin de celebrar as Festas do Entroido e o seu carácter tradicional e popular, o Concello de Neda, asume a concesión de distintas axudas e premios para os participantes nos distintos festivais e actos que, durante tales datas están previstos neste Concello.

Entre eles, inclúese un **FESTIVAL DE COMPARSAS**, que se desenvolverá o VENRES, DIA 13 DE FEBREIRO de 2026, e que se rexirá polas seguintes bases:

AXUDAS E PREMIOS

1.- O Concello de Neda compensará ás Comparsas participantes no citado Festival cunha axuda económica de 250 € para cada unha e 150 € para un único grupo participante.

2º.- Así mesmo, este Concello, establece ata un máximo de CATRO DIPLOMAS, que se concederán a aquelas comparsas participantes que conforme o baremo que se fixará nestas bases e obtivesen a maior puntuación entre as participantes.

INSCRICIÓNS E PARTICIPACIÓN

3º. O número máximo de comparsas participantes será de nove e o número máximo de grupos participantes será de un. Terán preferencia, sempre que cumpran os requisitos establecidos nas bases, as comparsas e grupo formadas por veciñas e veciños de Neda e inscritas como tal e aquela comparsa integrada por o maior número de persoas con discapacidade, favorecendo así a inclusión social das mesmas. Unha vez seleccionadas as comparsas preferentes e no caso que as inscricións totais sexan superiores ao número ofertado (9), procederase a un sorteo de participación coas restantes.

No caso que haxa inscricións de máis dun grupo de Neda, procederase igualmente a sorteo.

4º.- Aos efectos destas bases, enténdese por comparsa, o conxunto de persoas debidamente disfrazadas, en número non inferior a 15 que, formando grupo, participen nos actos do Entroido de Neda ao modo tradicional destas agrupacións.

Gardarán unha unidade temática, tanto na súa vestimenta como na súa actuación.

As letras das cancións, terán que ser obrigatoriamente en galego e, un dos temas a interpretar versará sobre NEDA, ou persoeiros da vila.

5º. Enténdese por grupo, o conxunto de persoas debidamente disfrazadas, en número non inferior a 8, que participen nos actos do entroido de Neda. Gardarán unha unidade temática na súa vestimenta e farán un pase de presentación, no escenario instalado ao efecto, e antes da actuación das comparsas.

6º.- Para optar aos premios fixados nestas Bases, as Comparsas e Grupo participantes, deberán facer a súa inscrición no Rexistro Xeral do Concello de Neda dende o día seguinte da publicación das mesmas no Boletín Oficial da Provincia podendo inscribirse de xeito presencial en horario de 9 a 14.30 horas ou a través da sede electrónica ata ás 23:59 do día 9 de febreiro. Fóra deste prazo non se admitirá ningunha inscrición, así mesmo as presentadas incompletas terán un prazo de tres días para emendar erros, previo requerimento por parte do Concello.

No momento de formalizar a inscrición deberán entregar toda a documentación requirida: Ficha de inscrición, designación do representante da comparsa, declaración do representante respecto ás obrigas tributarias da entidade ou ás súas propias, autorización por cada un dos menores participantes e protección de datos según modelos recollidos nas oficinas do Concello ou publicadas na web do Concello [neda.gal](https://sede.neda.gal). Así mesmo unicamente as comparsas depositarán **O DÍA DA INSCRICIÓN** unha copia das cancións que interpretarán.

DISPOSICIÓNS XERAIS

Mediante o Código de verificación (CVD) impreso no lateral esquerdo deste documento, pode Vde. verificar a integridade autenticidade do mesmo na sede electrónica municipal: <https://sede.neda.gal>



Casa do Concello
Avda. Algeciras, 34
15510 Neda
(A Coruña)
Tfno.: 981 380 039 Fax.: 981 385 600
<https://sede.neda.gal>

- As comparsas e grupos inscritos, realizarán a concentración às 19.00 horas do día 13 de febreiro, na Avda. do Castelao (antiga Ctra. da Estación), para emprender às 19.15 horas o desfile cara o Polideportivo do Neda, e finalmente realizar a actuación, en base à que se otorgarán os galardóns.

A actuación efectuarase no escenario instalado no Pavillón e consistirá nun pase único, interpretando un máximo de dúas cancións e cunha duración máxima de 8 minutos.

Un xurado, cuxa composición darase a coñecer, outorgará ás comparsas inscritas neste Concurso, a correspondente puntuación, para o que se axustará ós seguintes criterios:

- Animación na rúa 5 - 10 puntos.
- Crítica da realidade local- comarcal 5- 10 puntos.
- Orixinalidade e vestimenta 5 -10 puntos.
- Posta en Escena (Actuación no escenario).....5 - 10 puntos.

A puntuación outorgada polo xurado, farase pública unha vez rematada a actuación de todas as comparsas participantes e servirá de base para a concesión dos galardóns fixados.

As axudas económicas pola participación, faranse efectivas a través de transferencia bancaria ó número de conta facilitada no modelo de inscrición.

DISPOSICIÓN FINAL

A organización non se fai responsable dos contidos das letras, parodias ou disfraces dos grupos participantes.

A inscrición neste concurso, enténdese como aceptación plena das Bases fixadas para o mesmo sen que, en consecuencia poidan formularse reclamacións de ningunha clase e por ningún concepto, contra o aquí regulado. O seu incumprimento dará lugar á descalificación automática da comparsa ou grupo participante, que quedarán excluídos dos citados actos.